



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Inclusión Social



UNIÓN EUROPEA



CONCELLO DE RIVEIRA

galicia

Programa Específico de Atención ás Persoas Inmigrantes

O Programa Específico de Atención a Persoas Inmigrantes implantouse no departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Riveira no ano 2008. Inicialmente denominouse Programa de Acollida e Integración de Inmigrantes e Retornados. Actualmente, a pesar de que mantén a oferta de atención a persoas retornadas, a demanda é residual por parte deste colectivo.

No Concello de Riveira residen 1001 persoas estranxeiras de un total poboacional de 27083 habitantes. (Fonte: padrón municipal a 31/12/2017).

Desde o departamento de servizos sociais proporcionamos unha atención específica a persoas inmigrantes na que levamos a cabo unha acollida, valoración e asesoramento, derivando a outros programas e servizos, tanto internos do Concello como autonómicos e das entidades de acción social, procurando incorporar a perspectiva de xénero en tódalas intervencións realizadas con estas persoas e familias de forma transversal.

Empregamos un enfoque integral, no que a persoa se converte en suxeito activo do desenvolvemento do seu proxecto de vida, tomando as súas propias decisións e xerando/accedendo aos recursos que o farán viable. A intervención con mulleres e homes inmigrantes abrangue moi diversas áreas, principalmente a social e a xurídica, aínda que tamén a educativa, a sanitaria e a de participación social.

Destinatarios/as:

- Persoas inmigrantes e emigrantes retornadas que residan no Concello de Riveira.
- Entidades de carácter social que estean desenvolvendo programas e proxectos de atención a Inmigrantes.
- Empresas e axentes sociais que demanden información e orientación en relación coas diferentes formas de regularización a nivel administrativo.
- Poboación en xeral.

Accións:

- Accións de Información , Asesoramento e Orientación ás persoas inmigrantes e emigrantes retornadas, a través de entrevistas personalizadas. Inclúe asesoramento social e xurídico-administrativo.
- Deseño de proxectos individualizados de intervención social entre a persoa beneficiaria e o persoal técnico.
- Deseño e execución de actividades e proxectos destinados á poboación inmigrante, co obxecto de acadar a súa integración social e laboral. Actividades de formación, intervención comunitaria, difusión e outras.
- Colaboración e coordinación con outras administracións e entidades tanto do ámbito público como privado (Oficina de Inclusión de Noia, IES Nº1 de Riveira, Médicos do Mundo, Fundación Ronsel, Fundación Amigos de Galicia...) e con outros departamentos municipais (Programa de Voluntariado Social, Servizo de Normalización Lingüística, Departamento de Estatística,etc.), para atención integral ás familias atendidas. Derivación a distintos sistemas e servizos.
- Tramitación e seguimento de recursos sociais.
- Realización de actividades formativas propias e apoio a actividades formativas de outras entidades e organismos destinadas á poboación inmigrante.

A forma de acceso é a través dunha cita previa, que se pode solicitar presencialmente ou por teléfono no departamento de Servizos Sociais – Praza 8 de Marzo s/n. Teléfono: 981874131.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE) 2014-2020, enmarcándose no Programa Operativo do FSE Galicia 2014-2020 “O FSE inviste no teu futuro”, no seu obxectivo 9 “Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación”, e tamén pola Consellería de Política Social, a través das ordes de convocatoria anuais ou bianuais destinadas a programas de inclusión social a desenvolver polas corporacións locais.